



## **ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DUN/UNHA TÉCNICO DA OFICINA DE FOMENTO COOPERATIVO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.**

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as 12:10 horas do 28 de xullo de 2017 reuniuse a comisión de selección dun/unha técnico da oficina de fomento cooperativo da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, composta polos seguintes membros:

- Presidente: Fidel García Martul, Interventor da Mancomunidad.

- Vogais:

1. María Jesús Vila Bocija, Recadadora co Concello de Ferrol.
2. Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón.
3. Isabel Margharetto Rodríguez, AEDL do Concello de Ares.

- Secretario: Paula María Vázquez Carrasco, Secretaria da Mancomunidad.

A comisión conta co asesoramento do Xerente da Mancomunidad, Luis Alcalá Baillie, e da AEDL do Concello de Ferrol, María Teresa Alonso Novo. Estas persoas limítanse a cuestións técnicas actuando con voz e sen voto.

### **1. Preselección realizada polo Servizo Público de Emprego e concorrencia das candidatas**

Preséntase aos membros da comisión a preselección realizada polo Servizo Público de Emprego, que foi a seguinte:

1. CHAO LOPEZ MARIA ANGELES
2. DOPICO FRAGA ANA MARIA
3. FERNANDEZ MALDE MARIA JESUS
4. REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES

Así mesmo preséntase a documentación presentada polas candidatas a requirimento da Mancomunidad. No caso da candidata Ana María Dopico Fraga preséntase correo electrónico no que se exclúe voluntariamente do procedemento por non interesarlle a oferta neste momento.

### **2. Comprobación do cumprimento de requisitos.**

Á vista da documentación presentada polas candidatas, compróbase o cumprimento de requisitos:

Cumprimento dos requisitos de titulación determinados polo artigo 38.1 da convocatoria de subvencións e indicados na oferta de emprego presentada ao SEPE	
Apelidos e nome	Titulación acreditada para o cumprimento do requisito
CHAO LOPEZ MARIA ANGELES	Diplomatura en Relacións Laborais
FERNANDEZ MALDE MARIA JESUS	Diplomatura en Relacións Laborais
REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES	Diplomatura en Relacións Laborais



Cumprimento do requisito de posuír formación en materia de cooperativismo cunha duración mínima de 60 horas, establecido no art. 37.2 da convocatoria de subvencións e indicado na oferta de emprego presentada ao SEPE	
Apelidos e nome	Formación acreditada (horas)
CHAO LOPEZ MARIA ANGELES	430
FERNANDEZ MALDE MARIA JESUS	No C.V. Indica que dentro da diplomatura en relacións laborais cursou a materia "Dereito Cooperativo e Societario".
REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES	350

Á vista do anterior, a comisión considera que María Jesús Fernández Malde non cumpre o requisito de formación de cooperativismo e acorda excluíla do proceso selectivo.

### 3. Valoración de méritos.

A continuación procédese a valorar os méritos acreditados polas candidatas que permanecen no proceso, obtendo os seguintes resultados

Criterio de formación en cooperativismo superior á mínima esixida (0,2 puntos por cada 10 horas ata un máximo de 6)		
Apelidos e nome	Horas (descontado requisito)	Puntos
CHAO LOPEZ MARIA ANGELES	370	6
REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES	290	5,8

Criterio de experiencia profesional como asesor/a de proxectos cooperativos e da economía social (0,2 por mes traballado ata un máximo de 5)		
Apelidos e nome	Meses	Puntos
CHAO LOPEZ MARIA ANGELES	0	0
REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES	10	2

Criterio de experiencia profesional como asesor/a de proxectos emprendedores (0,2 por mes traballado ata un máximo de 4)		
Apelidos e nome	Meses	Puntos
CHAO LOPEZ MARIA ANGELES	0	0
REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES	25	4

Candidata	Total méritos
CHAO LOPEZ MARIA ANGELES	6
REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES	11,8

### 4. Fase de entrevista

Acuden á realización da entrevista María Jesús Fernández Malde e María Dolores Regueiro Pérez.

María Ángeles Chao López non acude á entrevista por motivos de saúde sobrevidos con posterioridade a ser convocada e comunicados no mesmo día da entrevista, do que consta infome médico entregado por un familiar da interesada durante a celebración da comisión.

A Comisión valora a posibilidade de repetir a entrevista e finalmente, considerando a urxencia do proceso para poder xustificar en prazo as actuacións subvencionadas, e tendo conta a que a entrevista neste caso sería irrelevante para o resultado debido á distancia na puntuación de



méritos, acorda non convocar novamente a entrevista e outorgar 0 puntos á candidata María Ángeles Chao López nesta fase.

A continuación, acórdase comunicar a María Jesús Fernández Malde os motivos polos que foi excluída do proceso e agradecerlle a súa participación.

Por último, procédese a entrevistar segundo o establecido nas bases a María Dolores Regueiro Pérez, quen demostra os coñecementos e aptitudes necesarios para o posto, obtendo unha puntuación de catro puntos.

### 5. Resultado final e proposta.

De acordo co anterior, a puntuación final é a seguinte:

Candidata	Total méritos	Entrevista	Total
CHAO LOPEZ MARIA ANGELES	6	0	6
REGUEIRO PEREZ MARIA DOLORES	11,8	4	15,8

En consecuencia, a comisión de selección acorda propoñer a María Dolores Regueiro Pérez como técnica da oficina local de fomento cooperativo da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, e a María Ángeles Chao López como suplente.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 13 horas e 10 minutos do día arriba indicado, do que, como Secretaria, DOU FE.

O Interventor da Mancomunidad

Asdo.: Fidel García Martul

A Secretaria da Mancomunidad

Asdo.: Paula María Vázquez Carrasco



DECRETO

Vista a proposta realizada pola Comisión de Selección dun/unha técnica da oficina de fomento cooperativo da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, RESOLVO:

Aprobar a contratación de María Dolores Regueiro Pérez como técnica da oficina de fomento cooperativo da Mancomunidad

Deste xeito o manda e asina o Presidente da Mancomunidad, en Ferrol, a 31 de xullo de 2017.

O Presidente da Mancomunidad



Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández

Ante min, a Secretaria Accidental da Mancomunidad



Asdo.: Paula María Vázquez Carrasco